

# BASES SORTEO

- 1. ENTIDADE ORGANIZADORA:** A Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM), con domicilio social en Rúa Queixume dos Pinos, s/n (15705) - Santiago de Compostela, levará a cabo un **sorteo dunha comida** para 2 persoas no restaurante **Árbore da Veira (A Coruña)**, unha **clase de cerámica** de 2h de duración en **Risco Estudio** e a entrega dun **kit de elaboración de chocolate**, o cal se desenvolverá conforme ao establecido nas presentes bases.
- 2. OBXECTIVO DO SORTEO:** O propósito principal é **recadar fondos** para respaldar os programas e actividades destinados a **mellorar a calidade de vida das persoas afectadas pola Esclerose Múltiple (EM) en Galicia**, así como para sensibilizar sobre esta enfermidade.
- 3. PREMIOS:** Os premios consisten en:
  - 1º PREMIO:** Unha comida para 2 persoas no restaurante **Árbore da Veira, ubicado na cidade da Coruña.**
  - 2º PREMIO:** Unha clase de cerámica de 2h de duración impartida por **Pablo Risco (Risco Estudio - A Coruña)**
  - 3º PREMIO:** **Kit de elaboración de chocolate (inclúe: cacao, moldes e ferramentas variadas).**
- 4. MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN:** Para participar no sorteo, as persoas interesadas deberán realizar unha **doazón mínima de 2€** a FEGADEM. Esta doazón realizarase a través dunha transferencia bancaria á conta especificada pola Federación (**ES18 2100 5753 0502 0011 2612**). Cada doazón de **2€** supón unha participación. É imprescindible que a persoa participante coloque o seu **correo electrónico como concepto** de dita transferencia bancaria. Para conseguir unha **participación extra**, compartirase a publicación do sorteo en redes sociais (Instagram, Facebook ou Twitter) mencionando a **@esclerosismultiplegal**. Poderán participar todas as persoas físicas **maiores de 18** anos que cumpran co explicado neste punto.
- 5. ADQUISICIÓN DE RIFAS VIRTUAIS:** Cada doazón de **2€** dará dereito a **1 rifa virtual**, o que representará unha participación no sorteo. Non hai límite en canto ao número de rifas virtuais que unha persoa participante poida adquirir, sempre e cando realice as doazóns correspondentes (polo tanto, cantas máis rifas teña a persoa participante, máis probabilidades ten de gañar o sorteo).

- 6. PERÍODO DO SORTEO:** Comezará o día **22 de abril** e finalizará o **15 de maio (ata as 12:30h)**. Todas as doazóns recibidas dentro deste período serán consideradas válidas para participar no sorteo sempre e cando cumpran os requisitos destas bases. Aquelas que sucedan antes ou despois non se terán en conta, así como non se terán en conta as que non cumpran o recollido nestas bases.
- 7. SELECCIÓN DA PERSOA GAÑADORA:** Serán seleccionadas aleatoriamente entre todas as persoas participantes elegibles. O resultado será emitido en directo a través das nosas redes sociais a partir das **12:30h do día 17 de maio**, momento no que remataría a oportunidade de participación no sorteo. O primeiro número que se saque corresponderá ao premio do kit de chocolate, o segundo á clase de cerámica e o terceiro á comida no restaurante. Sacaranse tres papeletas por cada premio, para que existan suplentes no caso de que a primeira persoa seleccionada rexeite o premio ou non cumpra os requisitos destas bases.
- 8. RECLAMACIÓN DO PREMIO:** As persoas gañadoras serán **notificadas por correo electrónico** logo da realizar a selección, utilizando a dirección proporcionada no concepto da transferencia bancaria. O premio deberá ser reclamado dentro dun prazo de **5 días hábiles despois do anuncio dos/as gañadores/as**. No hipotético caso de que o premio non sexa reclamado dentro deste período, ou a persoa gañadora non cumpra os requisitos especificados nestas bases, seleccionarase unha nova persoa gañadora.
- 9. RESTRIÇÕES:** O premio **non é canxeable** por diñeiro en efectivo nin por outros produtos ou servizos. En caso de non poder ou non querer acudir a unha das actividades sorteadas, **deberá ser notificado o rexeitamento do premio a FEGADEM e pasará a ser premiado o seguinte suplente na lista**. A persoa gañadora será responsable de calquera gasto adicional que poida ocorrer durante o disfrute do premio e que non estea expresamente incluído na descrición do mesmo. Así mesmo, queda prohibida a venda ou comercialización do premio por parte da persoa gañadora.
- 10. ACEPTACIÓN DAS BASES:** A participación no sorteo implica a **aceptación total e sen reservas de todas as disposicións destas bases**.
- 11. CONDICIÓN DE CARÁCTER XERAL:** FEGADEM resérvase o dereito a non admitir ou excluír aos participantes ou persoas gañadoras do presente sorteo que facilitaran datos falsos, erróneos, inexactos ou que incumpra o establecido nas presentes bases, quedando eximido de calquera responsabilidade no caso de que ditos erros ou falsidades impidan a identificación do/a gañador/a do premio. A Federación non se responsabiliza das posibles perdas, deterioros, roubos,

retrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar ao desenvolvemento xeral da presente promoción ou que sucedan durante o desfrute do premio.

Para calquera consulta adicional ou máis información sobre este sorteo, as persoas participantes poden poñerse en contacto coa Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM) a través do correo electrónico ([gestion@esclerosismultiplegalicia.org](mailto:gestion@esclerosismultiplegalicia.org)), ou ben a través do número de teléfono **(+34) 604 050 773**.